



A eiruga procesionaria ou procesionaria do piñeiro (*Thaumetopoea pityocampa*) -que recibe este nome polo seu desprazamento en fila unha detrás doutra, como nas procesións- é considerada como o insecto defoliador máis importante dos piñeirais de España.

Nos últimos anos, esta especie estase a estender grazas ao aumento das temperaturas durante o outono e o inverno, o que está a provocar a modificación das fases do seu ciclo biolóxico favorecendo a aparición de pragas en períodos de tempo pouco frecuentes.

- **Ciclo biolóxico**

No verán aparecen as bolboretas de procesionarias do piñeiro; apareáanse e a femia pon os ovos nas acículas das árbores (así se chaman as follas das coníferas).

As eirugas nacen aos 30/40 días da posta, é dicir, entre mediados de setembro e mediados de outubro.

As eirugas constrúen niños que lles serven de refuxio para pasar os fríos do inverno.

Cando chega a primavera, ou finalizando o inverno (desde febreiro a primeiros de abril), as eirugas descenden en fila ao chan, de aí o nome de procesionaria; entérranse e crisalidan dentro dun casulo.

Das crisálidas xorden no verán as bolboretas que se aparearán dando comezo a un novo ciclo.

- **Síntomas**

Guechos de acículas secas producidas polas eirugas ao roer as follas no canto de comelas completamente.

Niños nas copas a medida que avanza o inverno.

Eirugas por troncos, ramas e chan.

- **Danos**

A procesionaria do piñeiro produce dous tipos de danos:

- 1. Perda de acículas.**

As eirugas aliméntanse no inverno das acículas de piñeiros e cedros, provocando que estas sequen e caian. O dano máis importante fano desde o final do inverno ata metade de primavera, cando as eirugas son máis grandes e voraces.

A defoliación de cando en cando produce a morte dos piñeiros e debilítaos en gran medida, facilitando o ataque posterior doutras pragas. Os piñeiros pequenos pódense secar.

- 2. Urticarias e alerxias**

Outro dano importante son as urticarias e alerxias en persoas e animais domésticos.

As eirugas están recubertas por uns peliños urticantes que se dispersan e flotan no aire, producindo irritación en pel, ollos e nariz.

Polo tanto, é importante vixiar que os nenos non toquen as eirugas.

Tamén existe perigo no caso dos animais domésticos, xa que estes poden chupar ou tocar os seus pelos urticantes.

**Síntomas:** inflamación de beizos, boca e cabeza en xeral. O animal tenta rascarse, babeando exaxeradamente. Consultar co veterinario.

- **Control: Barreiras físicas**

Instalar a certa altura do tronco (1,5 m ou máis) un cono con plástico semirrígido arredor do tronco. Isto interrúmpelles o descenso e impide que as eirugas se enterren no chan.

Acaban morrendo de inanición no interior dos conos.

É conveniente facer unhas pequenas perforacións na parte baixa do plástico para a evacuación da auga de choiva que puidera terse acumulado no seu interior.